2020

Galego

Proba de certificación de nivel básico A2

SOLUCIONARIOS

Comprensión de textos escritos

Comprensión de textos orais

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA 1

NÚMERO DO TEXTO	Ex. 0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
LETRA DO ENUNCIADO	A	G	N	E	H	N	B	C	I	F

TAREFA 2

ENUNCIADOS	V	F	NON ESCRIBA Espazo para a corrección
Ex. 0. É practico contar na casa con produtos de caducidade longa.	☒	☐	✓
1. É fácil que os produtos de longa duración caduquen na despensa.	☒	☐	
2. Cando compramos mensualmente tendemos a comprar o suficiente.	☐	☒	
3. Canta máis capacidade de conservación do alimento, máis cantidade se pode comprar.	☒	☐	
4. Cunha neveira grande pode caducar antes a comida.	☐	☒	
5. É un aforro comprar carne ou peixe todos os días.	☐	☒	
6. Ir a pé ao supermercado supón un aforro de tempo e combustible.	☐	☒	
7. A compra semanal, en xeral, produce menos gastos que a mensual.	☒	☐	
8. Aconséllase comparar o gastado na compra semanal coa mensual en meses distintos.	☒	☐	

TAREFA 3

NÚMERO DO ENUNCIADO	Ex. 0	1	2	3	4	5	6	7	8
LETRA	A	C	A	A	B	B	C	A	B

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

TAREFA 1

Nº DO DOCUMENTO SONORO	Ex. 0	1	2	3	4	5	6	7	8
LETRA DO ENUNCIADO	A	B	L	H	I	C	E	F	G

TAREFA 2

Ex. 0. Para que fai falta o aceite de xirasol? Para fritir
1. Con que batemos o ovo nun cunco? **Cun garfo**
2. Canto anís agregamos? **Catro culleradas**
3. A cantidade de fariña ten que ser moi exacta? **Non**
4. Ademais de facelo co garfo, con que podemos amasar? **Coas mans**
5. Indique unha cousa que sirva para cubrir a masa. **Un pano / filme**
6. Cando saen máis esponxosas as roscas? **Cando repousan / Ao repousar / Se repousan…**
7. Onde as poñemos cando arrefrían? **Nunha bandexiña / Nunha bandexa**
8. Que tipo de fariña hai que empregar? **Calquera**

TAREFA 3

NÚMERO DO ENUNCIADO	Ex. 0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
LETRA DO ENUNCIADO	A	C	C	B	C	B	A	A	A	B

TRANSCRICIÓN DA TAREFA 1

DOCUMENTO 0
O Concello de Boborás busca inquilinos para 4 vivendas rehabilitadas na localidade de Pazos de Arenteiro. O Concello cédeas de xeito gratuíto coa condición, iso si, de que se destinen a un proxecto de turismo rural que dinamice o municipio.
Nesta pequena aldea do Ribeiro *ubicada* en plena natureza contabilízanse máis de media ducia de pazos e distintas casas nobres.

DOCUMENTO 1
-Para ti a Praia de Carnota creo que ofrece todo o que necesitas para manterte en forma, para poder competir. Por que?
-Xa sabedes que é a máis grande de Galicia. (estamos moi orgullosos *deso)* e é una das máis bonitas.
Carnota permíteche facer surf todo o ano, permíteche sky surf, *bueno*, éntranlle todas as direccións de vento..

DOCUMENTO 2
Para os gandeiros vivir de costas á grande industria láctea é moi complicado. Malia todo hai quen o intenta e trata de saír adiante facendo chegar o seu produto aos consumidores sen intermediarios. Un deses "resistentes" atopámolo nunha granxa do concello pontevedrés da Estrada.
Manuel Cardea amósanos a súa pequena explotación e nesta non vén un camión a recoller o leite para levalo a unha factoría.

DOCUMENTO 3
Os pazos eran as casas da xente con poder. Están moi vinculados ao campo e ao medio rural pero algúns aínda se manteñen fieis ao vínculo co medio rural. Nesta pazo, o de Sabadelle , en Chantada, o dono ten terras pero non ten criados que llas traballen. El mesmo ocúpase das tarefas agrícolas.

DOCUMENTO 4
Hoxe douvos a benvida desde os *Cañóns* do Sil , no corazón da Ribeira Sacra, ao norte da provincia de Ourense e ao sur da provincia de Lugo, terras coñecidas polos seus viños, famosos máis aló das nosas fronteiras. Celébrase a 32ª Feira do viño de Amandi, festa declarada de interese turística e eu non(a) podía perder baixo ningún concepto. Temos por diante unha longa xornada de festa!

DOCUMENTO 5
Estamos falando dun programa financiado pola Deputación de Ourense que pretende que nenos e nenas da provincia poidan *disfrutar* do deporte do esquí. Xa vedes que están case preparados, co equipo necesario, cos esquís coa botas e van botar aquí tres días con aloxamento pagado.

DOCUMENTO 6
Cal é a historia desta raza de porco?
É unha raza histórica, sobre todo histórica porque o porco celta xa o levaban os celtas nas súas correrías polo mundo. Xa levaban o porco como alimento primordial para a subsistencia.
-E aquí telos soltos?
-Si por suposto..
-É como teñen que estar...
-Paren soltos, viven soltos e son soltos... son libres.

DOCUMENTO 7
Está considerada como unha das mellores praias de Galicia e non é estraño. 7 km de lonxitude, augas cristalinas e unha gran riqueza ecolóxica xustifican a súa fama. Hoxe pisamos a area para percorrer algúns dos mellores lugares desta longuísima praia de Carnota

DOCUMENTO 8
Alternativas en auxe para estes días de ponte son o turismo rural e o termal. Que previsións se manexan no sector?

-O frío e a choiva preséntanse como aliados para que na última hora nos decidamos polo turismo termal. Mergullarse en augas termas ou rexuvenecer cun tratamento terapéutico preséntanse como unha das mellores opcións para estes días

TRANSCRICIÓN DA TAREFA 2

Roscas de anís da Terra Chá

Aproximadamente 20-25 unidades.

Ingredientes: un ovo, tres culleradas de azucre, tres culleradas de aceite de xirasol, catro culleradas de anís, aproximadamente 300 gramos de fariña común, medio sobre de lévedo ou po branco de enfornar e aceite de xirasol para fritir.

Preparación

Batemos cun garfo o ovo nun cunco grandiño. Engadímoslle as tres culleradas de azucre e volvemos bater ata que estea todo ben mesturado. Botámoslle enriba as tres culleradas de aceite e seguimos a bater. Agregamos as 4 culleradas de anís e veña a xuntar todos os ingredientes ben. Imos engadindo a fariña e mais o lévedo en po a pouquiños e mesturando ata que se faga unha masiña xeitosa. A cantidade de fariña é aproximada, se cadra chéganos con algo menos dos 300 gramos, xa iredes vendo.

Cando xa non dá xeito para seguir co garfo, teremos que continuar amasando coas mans, ou ben no mesmo cunco, ou enfariñamos unha miguiña o mesado e envorcamos alí, e traballamos ata que teñamos unha boliña homoxénea. Deixamos a nosa bóla de masa no cunco e cubrímola cun pano ou filme. Se temos tempo deixámola repousar media horiña. Se temos moita présa de papar as roscas non *lle* deixamos nada, saen saborosas, pero se repousan aínda saen máis esponxosas.

Logo imos collendo anacos de masa e coas mans estirámolos e facemos os roliños. Unímolos polos extremos o mellor que poidamos e formamos as roscas. Imolas poñendo enriba do mesado enfariñado. Nunha tixola botamos aceite abondo para que as roscas naden e non toquen o fondo e ímolas fritindo a lume bastante quente e volteándoas ata que estean *doradiñas*. Énos mellor non botar moitas de cada vez, hailles que deixar sitio para que xoguen no aceite.

Apartámolas para un papel de cociña para que este absorba o aceite de sobra e cando arrefríen xa as colocamos nunha bandexiña e a mandocar! Que aproveite!

Como xa imaxinaredes, hai moitas maneiras de facer roscas e pódese empregar calquera fariña, calquera aceite. Pódense facer con limón, con leite, botarlles ao remate azucre en po… En fin, cadaquén ao seu xeito, pero este é o noso.

TRANSCRICIÓN TAREFA 3

- Cando hai varios irmáns, pode tamén darse o caso de que sintan celos?

- Cando xa son...

- Si, cando xa hai dous ou tres nenos e nace outro...

-Claro, eu creo que pode pasar, pero é máis improbable, non? Un pouco o que está pasando hoxe en día, non sei se ti o compartes, pero un pouco o que pasas é que os nenos son un ben escaso, non? Temos un fillos, temos dous... entón, está todo o mundo para eles, o mundo é para eles, vivimos... incluso ás veces presionámolos porque creámoslles unhas expectativas sobre eles terribles, non? Entón compartir é máis difícil porque durante tempo foron únicos, porque...

- Non tiveron esa vivencia...

- Claro, entón cando son varios eu creo que cambia bastante a situación e que compartir é algo moito máis doado entre eles, non? É iso... compartir tempo, compartir os pais, por exemplo, non?

- Xa que falamos dun conto, a min gustaríame falar tamén da importancia da lectura, é dicir, como fomentar nos nenos, pois, o gusto pola lectura?

- Eu creo... había unha campaña hai pouquiño que falaba de que onde se le, nas casas en que se le, é moito máis doado que os rapaces lean, non? Eu creo que os nenos teñen que ver que les. Entón, ese acto tan bonito de coller un contiño e lelo con eles, pasar as páxinas, pois se poden ler que o lean, senón amosar aínda que sexa os debuxos e falar do que fala ese conto, porque por exemplo, Eu vou ter un irmán é un conto, non ten outra pretensión máis ca a de pasar un rato entretido, non? Pero a raíz de aí podes falar doutras cousas. Entón, eu penso que calquera conto se presta para falar cos rapaces, para abrir outros camiños, para pasar ese momentiño de lectura en familia e todo é crear un hábito. Onde os contos empezan de pequenos, eu creo que permanecen toda a vida.

- E, como escritora, cando escribes estás pensando nos nenos que van recibir ese contido ou estás pensando nos pais que van ler ese conto para os nenos?

- Eu penso nos nenos, fundamentalmente... O que pasa é que a min fállame un pouco a referencia porque teño unha nena que é moi madura, sempre foi moi madura, sempre leu moito, entón ás veces, o conto que penso que estou escribindo para nenos dunha idade, logo resulta que na editorial cámbiano e póñeno para outra, non? Pero o das idades logo xa é unha cousa moi peculiar e moi de cada un. Eu creo que un escritor debe escribir pensando no seu público, pensando nos nenos ós que ten que chegar, eu non coñezo outra maneira.

- E... (o das idades pódenos gustar máis unhas cousas ou outras) e os contidos? Paréceche que ós nenos hai determinados contidos que lles poden gustar máis ca outros?

- Si, supoño que si. Eu creo que calquera cousa se pode abordar nun conto e se debe abordar. Os contos clásicos son moi crueis, non sei se algunha vez te paraches a pensar niso, pero eu ás veces estoulle lendo ós meus fillos algún conto dos de toda a vida e pasan cousas terribles, e hai asasinatos e mortes e cousas que... bichos que comen a nenos, non? E entón hoxe en día ás veces escapamos moito de contarlles o malo, e non se debera. Hai agora mesmo un libro que está triunfando moito, que é o de Chamádeme Simbad, que fala do Alzheimer, e entón a lectura vale para sacar calquera tema adiante e iso é moi importante tamén.

-Para sacalo e para que os nenos coñezan que na vida hai cousas agradables e non tan agradables.

- E cousas que non o son, claro que si.